



REVISTA GALEGA DE TRADUCCIÓN



# VICEVERSA



Nº 5 - 1999





## **Instrumenta**

**Ortografía técnica nos textos franceses (I):  
as abreviaturas.**

J. Yuste Frías

**A neoloxía terminolóxica informática en castelán,  
catalán e galego.**

J. Gómez Guinovart

**Glosario trilingüe do léxico da gaita: galego-castelán-  
inglés.**

B. Posada Sáez

## ORTOGRAFIA TÉCNICA NOS TEXTOS FRANCESES (I): AS ABREVIATURAS

José Yuste Frías  
Universidade de Vigo

Para chegar a ser bo traductor cómpre saber redactar ben. De feito, a redacción de textos especializados que no mercado profesional practica, por exemplo, un TRADUCTOR TÉCNICO precisa dunha sólida formación nos coñecementos básicos das diversas técnicas de expresión escrita. Agora ben, tales técnicas non se poderán aplicar correctamente se o traductor en cuestión descoñece as distintas regras normativas da ortografía técnica. Como apunta moi ben Martínez de Sousa (1987), a ORTOGRAFÍA TÉCNICA é un conxunto de regras que atinxen diversos aspectos gráficos relacionados coa ciencia e coa técnica, a ortotipografía e a biblioloxía. Tanto se traduce do francés (traducción directa) ou ó francés (traducción inversa), un ESPECIALISTA EN TRADUCCIÓN da combinación lingüística francés-español-francés debería coñecer perfectamente no só as técnicas básicas de expresión escrita para a traducción de textos especializados franceses e galegos ou españois, senón tamén todas e cada unha das normas máis elementais de ortografía técnica das linguas coas que traballa.

Desgraciadamente, cando o alumno da licenciatura de Traducción e Interpretación inicia a súa andaina polas materias de *Traducción Inversa*, *Traducción Especializada* ou *Traducción de Textos Técnicos*, adoita ter, no só ó respecto da súa lingua B (no noso caso o francés) senón tamén, demasiadas veces, a respecto da súa lingua A (no noso caso o español<sup>1</sup>), un serio descoñecemento xeral de tódolos aspectos da ortografía técnica relacionados:

-por unha banda, coas propias palabras en xeral: todo aquilo que ten que ver coa abreviación; acentuación; maiúscula e minúscula; separación e

---

1. «La exactitud y coherencia de la grafía técnica y científica, así como de la ortotipográfica, no es tan acusada en España como en países de otras áreas idiomáticas» (MARTÍNEZ DE SOUSA, 1987: 11).

unión de voces; escritura de números; uso de determinados signos, símbolos, marcas, sinais, fórmulas e siglas moi presentes nos textos técnicos [ORTOGRAFÍA ESPECIALIZADA].

—e, pola outra, con calquera tipo de texto: a súa división en capítulos, parágrafos, apartados; uso dalgúns tipos de letras (cursiva, negras, versais, etc.); determinadas disposicións dalgunhas partes do texto, como lemas, notas, intercalados; presentación doutros elementos gráficos como cadros, índices, etc. [ORTOGRAFÍA TIPOGRÁFICA].

Perante as evidentes lagoas que parece ter o actual plan de estudos cursado por un alumno de Traducción e Interpretación, queremos ofrecer aquí brevísimas liñas básicas de orientación aplicadas ó uso dunha das principais ferramentas coas que debe contar un futuro traductor cando lea ou redacte textos franceses na súa actividade profesional: a ortografía técnica francesa. Esta primeira entrega estará dedicada a orienta-lo alumno, concretamente, na interpretación e escritura correctas das ABREVIATURAS FRANCESAS.

Nos textos especializados dos principais campos nos que, actualmente, se pretende forma-los futuros especialistas en traducción (campo técnico, científico, xurídico, administrativo, económico, comercial), as abreviaturas aparecen por tódalas partes: tanto as técnicas de expresión escrita francesas coma as españolas fan un uso cada día máis frecuente das abreviaturas. Ata existen distintos listados de abreviaturas para diferentes especialidades: abreviaturas xurídicas, abreviaturas comerciais, abreviaturas postais, abreviaturas médicas, abreviaturas usadas na aviación, no automóbil, en enxeñería, en matemáticas, en arqueoloxía, en historia da arte... e así ata un longo etcétera... case tanto como campos de especialidade se expresan actualmente e poidan precisar, nalgún momento, os servicios profesionais de traducción. Segundo parece, deste xeito conséguese gañar espacio e tempo<sup>2</sup>. Sen dúbida, gáñase espacio no texto pero, polo que respecta ó tempo, aínda que ninguén pode negar que o autor ou redactor do texto orixinal o gañe, ¿que pasa co traductor que, ó enfrontarse á interpretación e traducción de determinadas abreviaturas, correntes ou non, debe consultar, tanto en francés coma en español, unha serie de anexos que non sempre acostuman aparecer nos dicionarios xerais de consulta? Agardamos que este artigo lle sirva de guía ó traductor na lectura<sup>3</sup> e redacción<sup>4</sup> das abreviaturas francesas.

Digamos para empezar que a abreviatura no é máis ca representación gráfica dunha palabra ou grupo de palabras con menos letras das que lles

---

2. «Le but principal de l'abréviation est de gagner du temps et de la place» (GREVISSE, 1986: 149)

3. Isto é, durante a súa actividade semasiolóxica nunha traducción directa francés-español.

4. Isto é, durante a súa actividade onomasiolóxica nunha traducción inversa español-francés.

corresponden<sup>5</sup>, é dicir, prodúcese o que os franceses chaman un «retranchement». Así define e exemplifica a «abréviation» *Le Nouveau Petit Robert* na súa edición de 1993:

Retranchement de lettres dans un mot, de mots dans une phrase, pour écrire plus vite ou prendre moins de place. *Abréviation de Mademoiselle en M<sup>lle</sup>, de kilomètre en km, de c'est-à-dire en c.-à-d.*

## Grafía e formación das abreviaturas francesas

As abreviaturas en francés poden escribirse en maiúscula, minúscula, en redonda ou en cursiva<sup>6</sup>. Sobre este último punto, o principio xeral é o seguinte: escríbense con cursiva os termos e as expresións tomados do latín que non entraron a formar parte do uso cotián: *cf.* (do latín *confer*), *id.* (do latín *idem*), *ibid.* (do latín *ibidem*), *op. cit.* (do latín *opere citato*).

Algunhas veces a abreviatura márcase en francés coa inicial seguida dunha ou varias letras colocadas en superíndice cun carácter un punto máis pequeno. Agora ben, estas letras en superíndice seguen a ter o mesmo valor cás demais e non fan cambiar en nada as regras que determinan a presenza ou ausencia do punto abreviativo. No uso cotián *Mme* e *Mlle* van substituíndo cada día máis a *M<sup>me</sup>* e *M<sup>lle</sup>*. O espacio superior e lateral adóitase reservar moi a miúdo para o signo ° : *r<sup>o</sup>* (*recto*); *v<sup>o</sup>* (*verso*); *n<sup>o</sup>* (*numéro*); *f<sup>o</sup>* (*folio*); *in-8<sup>o</sup>* (*in-octavo*), etc.

Sobre o punto abreviativo mencionado, todo usuario da lingua francesa cómpre que teña en conta que non sempre se deben grafa-las abreviaturas cun punto. En español, en cambio, o punto abreviativo é sempre obrigatorio porque é o indicativo de que se trata dunha palabra abreviada: ningunha outra forma de abreviación leva punto abreviativo en español. Tamén cómpre lembrar que, coma en español<sup>7</sup>, o punto abreviativo en francés confúndese co punto final cando vai colocado ó final da frase.

Vexamos logo, cando debe poñerse o punto abreviativo, e cando non, nos catro principais procedementos de abreviación que ten a lingua francesa.

---

5. «L'abréviation est un procédé graphique consistant à décrire un mot en n'utilisant qu'une partie de ses lettres: *M.* pour *Monsieur*; *n<sup>o</sup>* pour *numéro*» (GREVISSE, 1986: 149).

6. Advertímoslle ó lector que tódalas abreviaturas francesas que aparecen citadas dentro do texto deste artigo escribíronse en cursiva porque utilizámo-lo galego, e non o francés, para redactalo. Sen embargo, no listado que ofrecemos ó final, só utilizamos a cursiva na grafía das abreviaturas cando o fai a lingua francesa.

7. En español, o punto abreviativo non exclúe calquera outro signo que requira a palabra abreviada (... etc.), agás cando coincide ó final de oración ou de parágrafo onde ocupa o lugar do punto final.

1. O primeiro procedemento consiste en conservar unicamente a inicial da palabra:

-en minúscula, como en *p.* para *page*; *s.* para *siècle*.

-ou en maiúscula, como *M.* para *monsieur*; *N.* para *nord*; *S.* para *sud*.

O punto abreviativo é obrigatorio.

Débense respectar sempre os dígrafos: *ch.* para *chant*, *Ch.* para *Charles*, *Ph.* para *Philippe*. Agás en *Jésus-Christ* que realiza a abreviatura como *J.-C.*

2. Eliminación da parte final da palabra, conservando dela todo o comezo ata a primeira consoante á que lle segue unha vocal. Así, a abreviatura de *habitant* é *hab.*; de *histoire*, *hist.*; de *article*, *art.*

O punto abreviativo segue a ser de uso obrigado.

3. As abreviaturas das palabras compostas ou de locucións faise, na medida do posible, a razón de elemento por palabra. A abreviatura de *post-scriptum* é *P.-S.*; de *nota bene*, *N.B.*; de *chef-lieu*, *ch.-l.*; de *c'est-à-dire*, *c.-à-d.*; de *ce qu'il fallait démontrer*, *C.Q.F.D.*

Como pode observarse, o punto abreviativo séguese a colocar en cada elemento abreviado (agás no caso de *c'est-à-dire* onde non fai falla ningún punto despois de *à* que conserva o seu acento e asemade os seus guiúns)

4. Abreviaturas por contracción en francés son as que resultan de suprimir a parte interna da palabra, conservando tan só comezo e final, como *bd* para *boulevard*, *fg* para *faubourg*, *Dr* para *docteur*, *Mme* para *madame*, *Mlle* para *mademoiselle*, *Me* para *maitre*, *Ir* para *ingénieur*. Malia que, ás veces, pode aparecer unha letra no medio como no caso da abreviatura *Mgr* para *Monseigneur*.

En francés, cando a última letra da palabra forma parte da abreviatura, non se utiliza o punto abreviativo.

### Plural das abreviaturas francesas

Normalmente, a abreviatura dunha palabra en plural debe reflectir ese plural, que ten de ser distinto segundo se utilice un procedemento ou outro de formación de plurais en francés. A seguir describímoslos.

1. O método máis normal consiste en engadirlle o morfema *-s* ó singular. Pódese ilustrar cos exemplos típicos:

*Mme* (*Madame*)

*Mlle* (*Mademoiselle*)

*Mgr* (*Monseigneur*)

*ms.* [con punto abreviativo]

(*manuscrit*)

*Mmes* (*Mesdames*)

*Mlles* (*Mesdemoiselles*)

*Mgrs* (*Messeigneurs*)

*mss* [sen punto abreviativo]

(*manuscripts*)

2. Duplicación<sup>8</sup> da letra que forma a abreviatura:

M. ( <i>monsieur</i> )	MM. ( <i>messieurs</i> )
P. ( <i>père</i> )	PP. ( <i>pères</i> )
p. ( <i>page</i> )	pp. ( <i>pages</i> )
F. ( <i>frère</i> )	FF. ( <i>frères</i> )
f. ( <i>feuille</i> )	ff. ( <i>feuilles</i> )
S. ( <i>saint</i> )	SS. ( <i>saints</i> )

3. Duplicación de tódalas letras que forman a abreviatura:

R.P. ( <i>révérend père</i> )	RR.PP. ( <i>révérends pères</i> )
-------------------------------	-----------------------------------

4. Duplicación da última letra da abreviatura en singular:

sq. ( <i>sequiturque</i> "et suivant")	sqq. ( <i>sequunturque</i> "et suivants")
--	---

5. Duplicación en plural de letras diferentes ás da abreviatura en singular porque os posesivos non teñen a mesma inicial:

S.M. ( <i>Sa Majesté</i> )	LL. MM. ( <i>Leurs Majestés</i> )
S.A. ( <i>Son Altesse</i> )	LL.AA. ( <i>Leurs Altesses</i> )
S.A.R. ( <i>Son Altesse Royale</i> )	LL. AA. RR. ( <i>Leurs Altesses Royales</i> )

### Abreviaturas de números ordinais franceses.

A. O primeiro número ordinal francés, *premier*, e o seu feminino correspondente, *première*, abrévianse colocando despois da cifra arábica ou romana a terminación *-er* e *-re*, respectivamente, en superíndice e cun punto inferior de carácter. Insistimos, *-re* para a forma feminina *première* e nunca "*-ère*" como soe verse demasiadas veces.

*François 1<sup>er</sup>*  
*Élizabeth 1<sup>re</sup>*

Para forma-los plurais correspondentes abonda con engadirilles un *-s* ás dúas terminacións mencionadas.

*Il y a plusieurs 1<sup>ers</sup>*

B. O segundo número ordinal francés, *second*, e o seu feminino correspondente, *seconde*, abrévianse colocando despois da cifra arábica ou romana a terminación *-d -de*, respectivamente, en superíndice e cun punto inferior de carácter.

*La classe de 2<sup>de</sup>*

---

8. A duplicación das letras para forma-lo plural realízase sen engadir punto ningún nin espacio entre as dúas letras, para así poder distinguir, por exemplo, SS. (*saints*) de S.S. (*Sa Sainteté*).

Para forma-los plurais correspondentes abonda con engadirilles un -s ás dúas terminacións mencionadas.

*Ils se sont classés 2<sup>ds</sup> ex-aequo*

C. A partir do número ordinal francés *deuxième* tódolos restantes ordinais abrévianse colocando despois da cifra arábiga ou romana sempre a terminación -e, en superíndice e cun punto inferior de carácter. Nunca se deben coloca-las terminacións "-me", "-ème", "-ième"<sup>9</sup> nin tampouco, por suposto, a aberrante "-è" que tanto abunda ultimamente.

*Le xx<sup>e</sup> siècle*

Para forma-lo plural correspondente abonda con engadirlle un -s á terminación mencionada.

*Trois 10<sup>es</sup> de seconde*

D. Os adverbios numerais ordinais franceses tomados do latín *primo, secundo, tertio, quarto, quinto, sexto, septimo, octavo, nono, decimo, undecimo...* (moi utilizados para expresa-la enumeración nos textos xurídicos franceses) abrévianse colocándolle á cifra correspondente o signo °, tamén, en superíndice e cun punto inferior de carácter. Así, a forma abreviada de escribir *primo* é 1°, a de *secundo* é 2°, a de *tertio* é 3°, etc.

### Abreviaturas de antropónimos franceses

É moi corrente, en calquera tipo de escritos, pero especialmente en citas bibliográficas, abrevia-lo que os franceses chaman o *prénom*, o nome propio (o prenome, porque en realidade os apelidos non adoitan abreviarse) coa inicial do mesmo seguida do punto abreviativo. Así:

A. é a abreviatura de *Albert*

B. é a abreviatura de *Bernard*

C. é a abreviatura de *Caroline*

Con todo, deben terse en conta algunhas observacións de considerable importancia:

Cando o *prénom* comece por un dígrafo hai que reproducir sempre as dúas letras que o compoñen. Así:

Ch. é a abreviatura de *Charles*

Gh. é a abreviatura de *Ghislain*

Ph. é a abreviatura de *Philippe*

Th. é a abreviatura de *Thérèse* ou de *Théodore*

---

9. A lingua francesa só recorre á terminación -ième nos casos de abreviación dos dous ordinais indefinidos formados a partir das letras N e X: *Je vous le dis pour la N<sup>ième</sup> fois. Élever à la X<sup>ième</sup> puissance.*



Cando a consoante inicial, ou os dígrafos, van seguidos dunha das dúas consoantes líquidas *L* ou *R*, debe incluírse a líquida correspondente na grafía da abreviatura. Así:

*Fr.* é a abreviatura de *François*

*Fl.* é a abreviatura de *Florence*

*Br.* é a abreviatura de *Bruno*

*Bl.* é a abreviatura de *Blanche*

*Tr.* é a abreviatura de *Tristan*

*Chr.* é a abreviatura de *Christophe* ou de *Christian*

*Cl.* é a abreviatura de *Claude* ou de *Claire*

Por veces, cando o *prénom* empeza por vocal adóitase escribir co apoio da consoante seguinte. Así:

*Ém.* pode ser tamén a abreviatura de *Émile*

*Ad.* pode ser tamén a abreviatura de *Adolphe*

### Abreviaturas dos puntos cardinais en francés

Abréviense os puntos cardinais en francés, e non en español<sup>10</sup>, coa maiúscula da inicial correspondente, é dicir *N.* (*nord*), *S.* (*sud*), *E.* (*est*), *O.* (*ouest*).

—cando se utilizan para medir a latitude e a lonxitude:

*Il s'est trouvé à 13° de latitude N. et à 34° de longitude E.*

—e cando se utilizan para designar unha determinada dirección na rosa dos ventos:

*Le vent souffle aujourd'hui de N.N.-E.*

Pero non se deben abreviar os puntos cardinais en francés:

—cando fan referencia a unha rexión, debendo escribilo, nese caso, coa inicial en maiúscula:

*Il habite maintenant dans l'Ouest*

—cando fan referencia a unha dirección, debendo escribilos coa inicial en minúscula:

*Il a marché treize jours vers le nord*

---

10. En español, segundo Martínez de Sousa, os puntos cardinais deberían considerarse máis ben como o que el chama «símbolos» e non como abreviacións propiamente ditas. «*Símbolos de los puntos cardinales*. Aunque la RAE los considera abreviaturas (y, en consecuencia, los escribe con punto abreviativo), por sus características y su uso deben considerarse, con más propiedad, símbolos, ya que una grafía como NNO 'nornoroeste' carece de antecedente en la grafía española [...]. En consecuencia, la grafía debe ser sin punto abreviativo, tanto si son simples (N, S, E, O) como si con compuestos (ESE, ONO, etc.) [...]» (MARTÍNEZ DE SOUSA 1987: 223-224).

## Listado das abreviaturas máis usadas en textos franceses

abréviation	abrév.
Académie	Acad.
adjectif	adj.
allemand	all.
anglais	angl.
après	apr.
après Jésus-Christ	apr. J.-C.
arrondissement	arr.
article	art.
avant	av.
avant Jésus-Christ	av. J.-C.
avenue	av.
avril	avr.
bibliographie	bibliogr.
bibliothèque	bibl.
boîte postale	B.P.
boulevard	bd
bulletin	bull.
c'est-à-dire	c.-à-d.
capitale	cap.
ce qu'il fallait démontrer	C.Q.F.D.
collection	coll.
compagnie	Cie
<i>confer</i> («comparer»)	<i>cf.</i>
contre	c.
contre remboursement	C.R.
copie conforme	c.c.
Corps diplomatique	C.D.
chant	ch.
chapitre	chap.
chef-lieu	ch.-l.
chemin de fer	ch. de f.
décembre	déc.
département	dép.
diplômé par le gouvernement	d.p.l.g.
Docteur	Dr [ou] Dr
Dom	D.
droit	dr.
éditeur	édit.
édition	éd.
encyclopédie	encycl.

environ	env.
espagnol	esp.
est	E.
<i>et caetera</i>	etc.
établissements (raison sociale)	Ets
exemple	ex.
fascicule	fasc.
faubourg	fg
féminin	fém.
feuillet	f.
feuilles	ff.
février	fév.
figure	fig.
fleuve	fl.
folio	f <sup>o</sup>
français	fr.
généalogie	généal.
géographie	géogr.
géologie	géol.
grec	gr.
habitant	hab.
histoire	hist.
hors-texte	h.-t.
<i>ibidem</i> («au même endroit»)	<i>ibid.</i>
<i>id est</i> («c'est-à-dire»)	<i>i.e.</i>
<i>idem</i> («le même»)	<i>id.</i>
illustration	ill.
in-folio	in-f <sup>o</sup>
in-octavo	in-8 <sup>o</sup>
in-quarto	in-4 <sup>o</sup>
<i>infra</i> («ci-dessous»)	<i>inf.</i>
introduction	introd.
italien	it.
italique	ital.
janvier	janv.
japonais	jap.
Jésus-Christ	J.-C.
juillet	juil.
latitude	lat.
<i>loco citato</i> («à l'endroit cité»)	<i>loc. cit.</i>
longitude	long.
Madame	M <sup>me</sup> [ou] Mme
Mademoiselle	M <sup>lle</sup> [ou] Mlle

Maître  
Maîtres  
manuscrit  
manuscrits  
masculin  
mathématique  
Mesdames  
Mesdemoiselles  
Messeigneurs  
Messieurs  
Monseigneur  
Monsieur  
nord  
*nota bene*  
note de l'auteur  
note de l'éditeur  
note de la rédaction  
note du traducteur  
Notre-Dame  
Notre-Seigneur Jésus-Christ  
novembre  
numéro  
numéros  
observation  
octobre  
*opere citato* («dans l'ouvrage cité»)  
ouest  
ouvrage cité  
page  
pages  
par exemple  
par intérim  
par ordre  
paragraphe  
père  
pères  
pharmacie  
physique  
planche  
pluriel  
police judiciaire  
portugais  
*post-scriptum*

Me [ou] Me  
Mes [ou] Mes  
ms.  
mss  
masc.  
math.  
M<sup>mes</sup> [ou] Mmes  
M<sup>lles</sup> [ou] Mlles  
Mgrs  
MM.  
Mgr  
M.  
N.  
N.B.  
N.D.A.  
N.D.E.  
N.D.L.R.  
N.D.T.  
N.-D.  
N.S. J.-C.  
nov.  
n<sup>o</sup>  
n<sup>os</sup>  
obs.  
oct.  
*op. cit.*  
O.  
ouvr. cit.  
p.  
pp.  
p. ex.  
p.i.  
p.o.  
paragr.  
P.  
PP.  
pharm.  
phys.  
pl.  
pl.  
P.J.  
port.  
P.-S.

pour copie conforme  
président-directeur général  
*quantum satis* («quantité suffisante»)  
quartier général  
recto  
répondez s'il vous plaît  
révérend père  
révérends pères  
rivière  
s'il leur plaît  
s'il vous plaît  
Sa Sainteté  
Saint  
Sainte  
Saintes  
Saints  
sans date  
sans garantie du gouvernement  
sans lieu ni date  
sans lieu  
scène  
section  
septembre  
*sequiturque* («et suivant»)  
*sequunturque* («et suivants»)  
siècle  
singulier  
société à responsabilité limitée  
société anonyme  
Son Altesse  
Son Eminence  
Son Excellence (pour un diplomate)  
Son Excellence (pour un évêque)  
substantif  
sud  
suivant  
supplément  
téléphone  
température  
théologie  
tome  
tournez s'il vous plaît  
traducteur

P.C.C.  
p.-d.g. [ou] P.-D. G.  
Q.S.  
Q.G.  
r<sup>o</sup>  
R.S.V.P.  
R.P.  
RR.PP.  
riv.  
S.L.P. [ou] s.l.p.  
S.V.P. [ou] s.v.p.  
S.S.  
St [ou] St  
St<sup>e</sup> [ou] Ste  
St<sup>es</sup> [ou] Stes  
St<sup>s</sup> [ou] Sts  
s.d.  
S.G.D.G. [ou] s.g.d.g.  
s.l.n.d.  
s.l.  
sc.  
sect.  
sept.  
sq.  
sqq.  
s.  
sing.  
S.A.R.L.  
S.A.  
S.A.  
S. Em.  
S. E.  
S. Exc.  
subst.  
S.  
suiv.  
suppl.  
tél.  
T.  
théol.  
t.  
T.S.V.P.  
trad.

vers ou verset  
verso  
voir, voyez  
volume  
zoologie

v.  
v°  
V.  
vol.  
zool.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AZZARETTI, M. 1978. *Dictionnaire international d'abréviations scientifiques et techniques (américain, allemand, espagnol, anglais, français, italien, russe)*, Paris: La Maison du Dictionnaire.
- DOPPAGNE, A. 1998. *Majuscules, abréviations, symboles et sigles. Pour une toilette parfaite du texte*, 3<sup>a</sup> ed., Paris-Bruselas: Duculot.
- FAUDOUAS, J.-CL. 1990. *Dictionnaire des abréviations courantes de la langue française*, Paris: La Maison du Dictionnaire.
- GOURIOU, Ch. 1973. *Mémento typographique*, Paris: Cercle de la Librairie.
- GREVISSE, M. 1986. *Le Bon usage. Grammaire française*, 12<sup>a</sup> ed. reform. por André GOOSSE, Paris-Gembloux: Duculot.
- IMPRIMERIE NATIONALE 1990. *Lexique des règles typographiques en usage à l'imprimerie nationale*, Paris: Imprimerie nationale.
- MARTINEZ DE SOUSA, J. 1987. *Diccionario de ortografía técnica. Normas de metodología y presentación de trabajos científicos bibliológicos y tipográficos*, Madrid: Pirámide.
- REY-DEBOVE, J. e REY, A. [dirs.] 1993. *Le Nouveau PETIT ROBERT. Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*, Paris: Dictionnaires Le Robert.